

BASES SORTEO DE DEZ TABLETS DENTRO DA CAMPAÑA DE NADAL 2019

OBJECTO DO SORTEO:

O Concello de Carballo, dentro do programa de dinamización e promoción da actividade económica local durante a campaña de Nadal, organiza o sorteo de 10 tablets Samsung Galaxy 64 GB, co obxecto de estimular o papel dinamizador e revitalizador que ten o comercio local entre a poboación.

Trátase de fomentar o consumo local no comercio de proximidade, contribuíndo a diferenciarlo dos seus principais competidores, con actividades de dinamización que buscan ofrecer ao cliente unha atención personalizada, premiando a súa fidelidade.

PARTICIPACIÓN:

Poderán participar no sorteo as persoas maiores de idade que realicen un mínimo de dúas compras por un importe superior a 20 euros en establecementos que participen na campaña de promoción do comercio local que organiza o Concello de Carballo durante o Nadal.

Os clientes terán á súa disposición tarxetas nos establecementos indicados e con cada compra superior a 20 euros que realice, o establecemento selará dita tarxeta.

Cando se coleccionen un mínimo de 2 selos de comercios distintos, poderase presentar a tarxeta cuñada no Museo de Bergantiños entre o 14 de decembro de 2019 e o 9 de xaneiro de 2020, onde se cubrirá o correspondente boleto para participar no sorteo.

En ningún caso poderán participar os propietarios de establecementos comerciais participantes na campaña.

PREMIO:

Sortearanse 10 tablets Samsung Galaxy 4G WIFI 64 GB.

SORTEO:

- O sorteo realizarase o día 11 de xaneiro ás 12.00 h, no Museo de Bergantiños. O sorteo, no que estará presente o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, farase de forma pública mediante a extracción manual de dez boletos premiados e tres boletos de reserva.
- O resultado do sorteo publicarase nas redes sociais e na web do Concello de Carballo.
- Os datos *de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); contacto: lopd@carballo.gal*. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.
- A participación no sorteo implica a aceptación destas bases

BASES SORTEO DE DOUS PAQUETES DE ALOXAMENTO E ENTRADAS PARA O PARQUE WARNER E DOUS PAQUETES PARA PORT AVENTURA DENTRO DA CAMPAÑA DE NADAL 2019

OBXECTO DO SORTEO:

O Concello de Carballo, dentro do programa de dinamización e promoción da actividade económica local durante a campaña de Nadal, organiza o sorteo de dous paquetes de tres entradas para o Parque Warner e dous paquetes de tres entradas para Port Aventura, xunto co aloxamento para os premiados durante unha fin de semana, co obxecto de estimular o papel dinamizador e revitalizador que ten o comercio local entre a poboación.

Trátase de fomentar o consumo local no comercio de proximidade, contribuíndo a diferencialo dos seus principais competidores, con actividades de dinamización que buscan ofrecer ao cliente unha atención personalizada, premiando a súa fidelidade.

PARTICIPACIÓN:

Poderán participar no sorteo as persoas maiores de idade que realicen un mínimo de cinco compras por un importe superior a 20 euros en establecementos que participen na campaña de promoción do comercio local que organiza o Concello de Carballo durante o Nadal.

Os clientes terán á súa disposición tarxetas nos establecementos indicados e con cada compra superior a 20 euros que realice, o establecemento selará dita tarxeta.

Cando se coleccionen un mínimo de 5 selos de comercios distintos, poderase presentar a tarxeta selada no Museo de Bergantiños entre o 14 de decembro de 2019 e o 9 de xaneiro de 2020, onde se cubrirá o correspondente boleto para participar no sorteo.

En ningún caso poderán participar os propietarios de establecementos comerciais participantes na campaña.

SORTEO:

- O sorteo realizarase o día 11 de xaneiro ás 12.00 h, no Museo de Bergantiños. O sorteo, no que estará presente o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, farase de forma pública mediante a extracción manual de dous boletos premiados e tres boletos de reserva para cada un dos paquetes.
- O resultado do sorteo publicarase nas redes sociais e na web do Concello de Carballo.
- Os datos *de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); contacto: lopd@carballo.gal*. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.
- A participación no sorteo implica a aceptación destas bases